

INFORME SOBRE A PLURALIDADE DE CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Estase a tramitar un procedemento para a contratación do “PROXECTO DOTACIONAL DESTINADO A DINAMIZAR E DIFUNDIR A GASTRONOMÍA DO TERRITORIO - MUSEOGRAFÍA CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PAZO DE QUINTÁNS”. Tramitarase como contrato de servizos dos enumerados no Anexo IV dos referidos nos artigos 12, 17, 18, 22, 25, 34.2 e 308 e seguintes da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), e por tanto seguirase para a súa tramitación o procedemento aberto non estando suxeito a regularización harmonizada, de acordo co artigo 22 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos especiais dos enumerados no Anexo IV a LCSP, cun valor estimado con importe non superior a 750.000,00” (IVE non incluído).

Na adxudicación serán determinantes múltiples criterios e a súa elección procura unha mellor calidade e unha maior eficacia na execución do contrato, buscando adecuar o obxecto do mesmo ás necesidades definidas pola Administración e garantindo, en todo caso, a máxima concurrencia e liberdade de acceso.

En cumprimento do disposto no artigo 116.4.c) da LCSP, emítase o seguinte informe xustificativo dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

No procedemento de adxudicación utilizarase unha pluralidade de criterios baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, de acordo con o artigo 131 da LCSP, por tanto, utilízanse tanto criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, como criterios avaliábeis de forma automática e por fórmulas. En relación ao subcriterio da “estructura organizativa” dentro dos criterios dependentes de xuízo de valor valórase a cualificación do persoal adscrito ao contrato xa que os traballos para desenvolver o obxecto do contrato requiren



de persoal cualificado e con experiencia na súa realización para o desenvolvemento das actividades obxecto do contrato. Polo que, apoiado no artigo 145.2 apartado 2 da LCSP considérase necesario valorar como criterio subxectivo a experiencia do persoal a fin de garantir a calidade na prestación do servizo e unha maior relación calidade-prezo.

En canto ao peso dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, o art. 146.2 da LCSP, establece que cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, na súa determinación, a condición de que sexa posible, darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos. Así, no ámbito deste contrato, os criterios avaliábeis mediante fórmulas suporán o 50% e os avaliábeis mediante xuízo de valor o 50%, atendendo, por tanto, a regra xeral da LCSP.

Tendo en conta o anteriormente indicado non resulta aplicable o disposto no artigo 146.2.a) da LCSP.

Á vista de que este contrato, trátase dun contrato de servizos especiais dos enumerados no Anexo IV, é de aplicación o disposto no artigo 145.4 da LCSP, polo que os criterios relacionados coa calidade deberán representar a lo menos o 51% da puntuación global das ofertas, premisa que se cumpre dado que, por unha banda todos os criterios de adxudicación avaliábeis dependentes de xuízo de valor (50 puntos) están relacionados coa consecución dunha prestación dun servizo de calidade, dende a perspectiva do deseño, da planificación dos traballos, etc. En canto aos criterios avaliábeis mediante fórmulas, o plan de mantemento do equipamento durante o prazo de garantía (10 puntos) incide directamente na consecución dun servizo de calidade.

En relación aos criterios non avaliábeis mediante xuízo de valor as



puntuacións outorgadas en cada un dos criterios deben terse en conta, para a súa efectividade, de forma global nos supostos da estrutura organizativa e plan de traballo xa que os aspectos que se valoran en cada un destes criterios gardan vinculacións entre si e son complementarios polo que esixe a súa consideración e tratamento de forma global. No caso do desenvolvemento da creatividade dun vídeo establécense subcriterios para a súa avaliación.

En base ao anteriormente exposto, os criterios de adxudicación son os seguintes:

A. CRITERIOS AVALIABLES MENDIANTE XUÍZOS DE VALOR. ATA 50 PUNTOS

O Concello de Sanxenxo non está obrigado a desenvolver ou executar a proposta da empresa licitadora que resulte adxudicataria.

Non poderá incluírse información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría en base aos criterios avaliáveis de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, que se incluírá no arquivo C. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación. Esíxese que a puntuación TOTAL obtida por estes criterios dependetes de xuízo de valor debe ser igual ou superior ao 50%, xa que se non a alcanza algunha proposta, non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

1. Desenvolvemento da creatividade dun vídeo: ata 35 puntos repartidos nos seguintes subcriterios:

- Valorarase a claridade, atractivo e solidez da idea, a orixinalidade da proposta, trama e desenvolvemento, así como que esperte interese no espectador, ata 6 puntos



- Tamén a orixinalidade e calidade do deseño, escenarios, grafismos, así como o detalle para a sincronización cos efectos, ata 7 puntos.
- Así mesmo valorarase, o fío condutor da narrativa board e a súa adecuación aos estándares de redacción e formatos de guiión cinematográfico. Ata 6 puntos.
- Tamén se valorarán as mostras e exemplos que permitan visualizar e concretar o tratamento, desenvolvemento e deseño do audiovisual ata 9 puntos.
- E finalmente os exemplos de vídeos producidos pola empresa licitadora iguais ou similares ao obxecto do contrato ata 7 puntos.

2. Estructura organizativa: ata 10 puntos

Valorarase o conxunto de accións a seguir para instaurar a organización necesaria para o desenvolvemento dos traballos obxecto de contrato, garantir a calidade, así como o detalle da organización externa e interna que permita prestar o servizo adecuadamente.

Tamén a achega de persoal a maiores do mínimo esixido sempre que quede xustificada a necesidade do mesmo, as súas tarefas e responsabilidades, así como a presentación de documentación acreditativa da formación e experiencia.

3. Plan de traballo: ata 5 puntos.

Valorarase a claridade, grao de detalle e precisión dos traballos que deben ser realizados durante a execución do contrato. Valorarase un nivel técnico detallado, con rigor de contido das principais tarefas e esquema dos fitos e entregables e identificación dos recursos asignados.

Valorarase que as tarefas para desenvolver sexan acordes e realistas en relación cos traballos para desenvolver a fin de que os prazos previstos permitan deixar



marxe suficiente para garantir a execución en prazo con éxito, as modificacións que entenda pertinentes o responsable do concello e a existencia de marxe de tempo ante posibles eventualidades. Valorarase que se mostre nun cronograma tomando como referencia o prazo de 4 meses para todos os licitadores. Nunca o licitador poderá tomar como referencia os prazos que inclúa no arquivo C, que se referirá a redución do prazo da entrega. Lémbrese que se neste arquivo inclúese documentos ou referencias que poidan coñecer criterios de adxudicación avaliados de forma automática ou mediante fórmulas a oferta será excluída no procedemento.

*DOCUMENTACION A PRESENTAR PARA A VALORACION DE CRITERIOS DE XUIZO DE VALOR

As ofertas técnicas que presenten as empresas licitadoras deberán ter un límite máximo en extensión de 30 páxinas sen incluír os anexos. Deberán estar paxinadas e conter un índice detallado.

O tipo de letra utilizado será Arial 12, excepto para os títulos, onde será Arial 14 e Arial 16. Utilizarase un interliñado a 1,5 e o espazo entre parágrafos será de 6 puntos.

No caso de non seguir a estrutura e o formato indicado, e que a forma de presentación dificulte ou provoque confusión á hora de localizar a documentación solicitada, imposibilite a comparación coas demais ofertas ou provoque vantaxes á empresa, e por tanto non permita valorar a oferta de maneira clara e precisa, e respondendo ao principio de igualdade na aplicación dos criterios de adxudicación, a oferta poderá ser excluída do proceso de licitación.

Non serán valorados os puntos engadidos polo contratista que non se adapten á estrutura da oferta indicada, ou no caso de que se estableza límites de páxinas, as partes da oferta que superen este límite.



1.- Índice

Deberase incluír un índice que enumere os contidos da proposta técnica.

2.- Desenvolvemento da creatividade dun vídeo:

A empresa debe presentar unha proposta de creatividade dun vídeo. Con obxecto de facer unha avaliación homoxénea das ofertas esíxese que o vídeo sexa sobre a gastronomía como cultura e a sustentabilidade alimentaria correspondente á sala de Proxeccións. É un audiovisual baseado en imaxes filmadas ex profeso que mostra a alimentación e a gastronomía como un feito cultural e que expresa a necesidade de preservala como valor colectivo e patrimonial. Todas as propostas deben responder ao seguinte esquema unificado de contidos:

- Guión e ficha técnica
- Narrativa board
- Proposta gráfica para vídeo
- Proposta de recursos utilizados
- Deseño do plan de produción
- Mostras e exemplos (presentarase como anexo á oferta todas nun formato comprimido. Na oferta deberá figurar a enumeración do contido do anexo, non sendo avaliable calquera outra que non estea definida na oferta).

3.- Estrutura organizativa

Deberanse detallar de forma clara o conxunto de accións a seguir para instaurar a organización necesaria para o desenvolvemento dos traballos obxecto de contrato, garantir a calidade, así como o detalle da organización externa e interna.

Identificarase o equipo de traballo, no caso de ofertar persoal a maiores do mínimo esixido presentarase unicamente unha declaración xurada pola persoa indicando: titulación e experiencia acreditando a mesma segundo a documentación que se esixe para o mínimo esixido.



4.- Plan de traballo

Presentarase o detalle de traballos a desenvolver tanto antes como previos e durante o desenvolvemento dos mesmos tendo en conta no seu desenvolvemento o contido no PPT e sinalando os fitos importantes e entregables.

B. CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FORMULAS

1. **OFERTA ECONÓMICA: Valorarase ata un máximo de 16 PUNTOS.**
Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o Orzamento Base de Licitación (422.638,43 €, I.V.E. incluído). No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o I.V.E.

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=16 \times [(Y/X)]$$

sendo:

16=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

Y: Oferta máis baixa.

X: Oferta a valorar.

2. **PLAN DE MANTEMENTO: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.**
Valorarase a realización do mantemento durante o prazo de garantía segundo se detalla no punto 12 do PPT, de acordo ao número de veces que o oferte durante o prazo de garantía.

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:



$$P=10 \times [(Y/X)]$$

sendo:

10=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Oferta que se comprometa a realizar o número mais elevado de veces o plan de mantemento

Y: Oferta a valorar.

3. **REDUCCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA.** Valorarase o compromiso dos licitadores a executar o proxecto por un prazo inferior aos cinco meses marcados no PPT. **A puntuación máxima por este criterio é de 10 PUNTOS.**

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=10 \times [(Y/X)]$$

sendo:

10=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

Y: Oferta que se comprometa a executar o proxecto no menor prazo

X: Oferta a valorar.

4. **AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA: Valorarase ata un máximo de 10 puntos).** Valorarase o número de meses de ampliación del prazo de garantía a respecto do prazo mínimo esixido (12 meses).

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=10 \times [(Y/X)]$$

sendo:

10=Puntuación máxima.



P= Puntuación obtida.

X: Oferta que se comprometa a ampliar o prazo de garantía no maior número de meses.

Y: Oferta a valorar.

5. **CRITERIO SOCIAL: IGUALDADE DE XÉNERO**: Un dos 17 obxectivos da Axenda 2030 é a igualdade de xénero. Para a consecución, no ámbito desta actuación, deste obxectivo, considérase apropiado, outorgar unha **puntuación máxima de 2 puntos**. Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=2 \times [(Y/X)]$$

sendo:

2=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Licitador que na acredite que na súa plantilla ten o maior porcentaxe de mulleres.

Y: Oferta a valorar.

Os licitadores na súa oferta aportarán os datos da súa plantilla, ou a documentación que se considere apropiada para a xustificación da porcentaxe ofertada, tendo en conta en todo caso o cumprimento das disposicións legais da normativa de protección de datos.

6. **CRITERIO SOCIAL: PROMOCIÓN DA INSERCIÓN AO MERCADO LABORAL DA POBOACIÓN XUVENIL**. A medida que as economías comezan a recuperarse, a taxa de desemprego mundial experimentou un descenso significativo. Con todo, a taxa de desemprego dos mozos continúa sendo moi superior á dos adultos, o que indica que seguen existindo dificultades para garantir oportunidades de emprego para os mozos. “Traballo decente e crecemento económico” é un dos ODS das Nacións Unidas da Axenda 2030. Para a consecución, no ámbito desta



actuación, deste obxectivo, considérase apropiado, se valore aquelas empresas licitadoras que na súa plantilla teña contratado traballadores de entre 18 e 35 anos de idade. Considérase apropiado, outorgar unha **puntuación máxima de 2 puntos**. Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=2 \times [(Y/X)]$$

sendo:

2=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

X: Licitador que na acredite que na súa plantilla ten o maior porcentaxe de mulleres.

Y: Oferta a valorar.

Os licitadores na súa oferta aportarán os datos da súa plantilla, ou a documentación que se considere apropiada para a xustificación da porcentaxe ofertada, tendo en conta en todo caso o cumprimento das disposicións legais da normativa de protección de datos.

Na data consignada na sinatura dixital

A xefa do Servizo de Turismo da Deputación Provincial,

Ruth González Reyes

